

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ORDE do 22 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a mellora de imaxe, modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no sector comerciante retalista e artesanal galego e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN201H).

A Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia posúe, entre outras competencias, as referidas á artesanía, ao comercio interior e á planificación e desenvolvemento das estruturas comerciais, nos termos recollidos nos decretos 110/2013, do 4 de xullo, e 129/2015, do 8 de outubro, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, fomento, modernización e desenvolvemento do comercio e da artesanía e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins.

O comercio e a artesanía teñen unha importancia fundamental para a economía galega, ao tempo que actúan como un elemento vertebrador das nosas vilas e cidades. Estas actividades na actualidade están sometidas a un profundo proceso de cambio, que exige realizar un esforzo de modernización e adaptación continuo, coa finalidade de acadar unha maior competitividade.

Así, os cambios no sector comercial e artesanal deben de orientarse á súa modernización mediante o establecemento de novas fórmulas de comercialización e distribucións non incorporadas con anterioridade pola persoa comerciante ou artesá, que impliquen cambios significativos na súa actividade e redunden na súa competitividade.

Con esta finalidade, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través desta orde de axudas, dirixida a comerciantes retalistas e artesáns, así como ás federacións de comerciantes sen fin de lucro e ás asociacións profesionais de artesáns, para a posta en marcha daquelas actuacións que requiran de accións conxuntas para acadar unha maior eficacia, ten por obxecto a modernización destes sectores para a súa adaptación ás novas tendencias do mercado e para que sexan un motor de crecemento das nosas vilas e cidades.

O artigo 25 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), posibilita a tramitación



anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo VII no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do día 19 de outubro de 2015.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa aprobación.

Con este fin, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, está consignado crédito por importe de 3.100.000 € nas aplicacións orzamentarias e coas desagregacións seguintes para atender as axudas da presente orde:

09.30.751A.770.2: 3.000.000 €.

09.30.751A.781.1: 100.000 €.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuída a Consellería de Economía, Emprego e Industria en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Convocatoria e bases reguladoras*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións da Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a mellora de imaxe, modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no sector comerciante retailista e artesanal galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2016.



3. Para a concesión destas subvencións destínanse 3.100.000 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2016:

Aplicación orzamentaria	Importe (€)	Beneficiarios
09.30.751A.770.2 Apoio a modernización e innovación do comercio e das pemes Comerciais	3.000.000	Artigo 3, alínea a) e b) do anexo I
09.30.751A.781.1 Asociacionismo comercial e servizos para pemes comerciais	100.000	Artigo 3, alínea c) e d) do anexo I

Estas cantidades poderanse incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, á existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 2. *Solicitudes e prazo de presentación*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado de solicitude (anexo IV) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>), de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

2. Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



3. O prazo para a presentación de solicitudes será dende o 18 de xaneiro ao 18 de febreiro de 2016.

Artigo 3. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

Unha vez finalizado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a cinco meses, contados a partir do día seguinte ao do remate de presentación de solicitudes.

Artigo 4. *Información aos interesados*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN201H, poderase obter información a través dos seguintes medios:

1. Na guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.es>
2. Páxina web oficial da consellería de Economía, Emprego e Industria <http://ceei.xunta.gal/portada>, na súa epígrafe de axudas.
3. Nos teléfonos 981 54 55 25 ou 981 54 55 07 da Dirección Xeral de Comercio.
4. No enderezo electrónico cei.dxc.axudas@xunta.es
5. Presencialmente, na Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Edificio Administrativo San Caetano, 3º andar, 15071 Santiago de Compostela.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



Artigo 5. Recursos

Contra a presente orde, que pon fin a vía administrativa, poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Recurso potestativo de reposición ante o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposicións derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Comercio para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2015

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a mellora de imaxe, modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no sector comerciante retallista e artesanal galego e se procede a súa convocatoria para o ano 2016 (código do procedemento IN201H)

Artigo 1. Obxecto e réxime das subvencións

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións para a mellora de imaxe, modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no sector comerciante retallista e artesanal galego.



2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e quedará suxeito ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos) establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24.12.2013, L352/1).

3. Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante Lei 9/2007), consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actuación subvencionada.

En concreto, consideraranse subvencionables as seguintes actuacións, sempre que estas sexan realizadas e efectivamente pagadas desde o 1 de xaneiro de 2016 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 19.

1) Para os comerciantes retalistas:

a) Acondicionamento do local comercial, sempre que a superficie resultante non supere os 150 m². Non será de aplicación esta limitación de superficie para as actividades encadradas baixo a epígrafe do IAE 653.1. Esta actuación será subvencionable na superficie comercial dedicada á venda.

Para estas actuacións o investimento máximo subvencionable será de 10.000 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 40 %.

b) Medidas orientadas á mellora da imaxe exterior e adquisición de moblaxe e equipamento dedicado ao desenvolvemento da actividade comercial e para uso exclusivo na superficie de venda.

Para estas actuacións o investimento máximo subvencionable será de 5.000 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 40 %.

2) Para os titulares de obradoiros artesanais:

a) Sistemas de etiquetas intelixentes, que engadidos ao produto ou ao seu empaquetado ou envase completen a información deste, sinalando o proceso de elaboración, a historia, a rastrexabilidade ou outros valores engadidos.



Para estas actuacións o investimento máximo subvencionable será de 6.000 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 50 %.

3) Para os comerciantes retalistas ou titulares de obradoiros artesanais:

a) Ferramentas ou programas informáticos que melloren a xestión do establecemento/obradoiro e o deseño dos seus produtos.

Para estas actuacións o investimento máximo subvencionable será de 4.000 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 50 %.

b) Desenvolvemento e implantación de solucións de empaquetado e etiquetaxe dirixido a mellorar a loxística e a comercialización do produto e o deseño da súa presentación.

Para estas actuacións o investimento máximo subvencionable será de 5.000 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 50 %.

c) Novos sistemas de comercialización que combinen o comercio *online* e *offline*, poñendo á disposición dos clientes recursos tecnolóxicos, así como a implantación e actualización de páxinas web ou aplicacións para dispositivos móbiles, dirixidas a mellorar a comercialización dos produtos e que contén con tenda *online* e pasarela de pagamento. Quedan excluídos neste punto as accións de publicidade, así como os traballos de fotografía cando non exista implantación da web.

Para estas actuacións o investimento máximo subvencionable será de 6.000 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 50 %.

d) Páxinas web comerciais cos seguintes elementos mínimos: portada ou páxina de inicio; formulario de contacto; páxinas de produtos ou servizos facilmente actualizables desde o xestor, incluíndo o servizo de maquetación das 2 primeiras páxinas como mínimo; epígrafe de situación cos datos de contacto da empresa.

Para estas actuacións o investimento máximo subvencionable será de 1.000 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 50 %.

e) Novos sistemas de comercialización e información ao consumidor que impliquen a utilización das redes sociais para a venda. Quedan excluídos neste punto as accións de publicidade.



Para estas actuacións o investimento máximo subvencionable será de 8.000 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 50 %. O beneficiario deste punto queda obrigado á inserción de 5 publicacións semanais.

Os beneficiarios poderán solicitar unha actuación por cada epígrafe e o investimento máximo subvencionable por beneficiario será de:

Para comerciantes retalistas 39.000 € (IVE excluído) e para os titulares de obradoiros artesanais 30.000 € (IVE excluído) e a porcentaxe de subvención a que se especifica en cada epígrafe.

4) Para as federacións de comerciantes:

Para o desenvolvemento do *m-commerce*, aplicacións informáticas (apps) e webs para teléfonos móbiles. No deseño incluírase, como mínimo: o deseño gráfico da aplicación, o desenvolvemento e a publicación nas plataformas, así como os idiomas. Deberán incluír actividades de promoción, publicidade, ofertas, etc.

Os proxectos que se implanten deberán implicar polo menos 50 establecementos comerciais.

Para estas actuacións o investimento máximo subvencionable será de 6.000 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 50 %.

Cada federación só poderá presentar a solicitude para unha aplicación informática (apps).

5) Para as asociacións profesionais de artesáns:

Proxectos de deseño e creación de novos produtos a partir da colaboración de dous ou máis artesáns e un deseñador.

Para estas actuacións o investimento máximo subvencionable será de 56.000 €, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 70 %.

En ningún caso o custo da adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Segundo o artigo 29.8 da Lei 9/2007, en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.



Así mesmo, non serán subvencionables nesta orde de axudas, os seguintes conceptos:

- Ordenadores.
- Bolsas, etiquetas e caixas convencionais.
- Impresoras.
- Televisores.
- Sistemas de alarma ou similares.
- Os impostos recuperables ou repercutibles polo beneficiario.

Artigo 2. *Financiamento e concorrencia*

1. As subvencións que se establezan para as actuacións previstas nesta orde financianse con crédito correspondente ás seguintes aplicacións orzamentarias 09.30.751A.770.2 e 09.30.751.781.1 Modernización, emprendemento e innovación do comercio e das pemes comerciais, coa seguinte desagregación:

09.30.751A.770.2: 3.000.000 €.

09.30.751A.781.1: 100.000 €.

A concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

2. O importe das subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas e subvencións das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do investimento subvencionable.

3. As subvencións previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta consellería e entes dependentes, para os mesmos conceptos subvencionables.



Artigo 3. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituídas, así como as federacións de comerciantes e as asociacións profesionais de artesáns, que en todos os casos cumprirán ademais os seguintes requisitos:

a) Comerciantes retalistas:

– Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia, que o domicilio social e fiscal radique na Comunidade Autónoma e que cumpran os requisitos establecidos legalmente para exercer a actividade.

– Que, tendo a condición de peme conforme os requisitos establecidos pola Comisión Europea na súa Recomendación 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003 (DOUE 124, do 20 de maio, p. 36), empreguen menos de dez (10) traballadores e non teñan a consideración de grande establecemento comercial segundo a normativa aplicable.

– Que estea dado de alta nalgúns dos epígrafes do IAE que se relacionan no anexo II e que este constitúa a actividade principal do solicitante.

b) Titulares de obradoiros artesanais:

– Que o obradoiro artesán figure inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

– Que fagan uso da marca «Artesanía de Galicia».

c) As federacións de comerciantes sen fins de lucro, que estean legalmente constituídas e cuxo ámbito de actuación se desenvolva na Comunidade Autónoma de Galicia.

d) As asociacións profesionais de artesáns de Galicia legalmente constituídas.

– Que polo menos 10 dos seus membros figuren inscritos no Rexistro Galego de Artesanía.

Non poderán ser beneficiarios/as destas axudas: as empresas en crise, conforme a definición prevista no artigo 2 número 18 do Regulamento (CE) nº 651/2014, do 17 de xuño,



polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE 26.06.2014, L 187/1); nin aqueles que tendo sido beneficiarios do procedemento IN201H, renunciasen a el ou perderan o dereito ao cobramento total da subvención.

Artigo 4. *Solicitudes*

1. As solicitudes para participar no procedemento da concesión da subvención presentaranse na forma e prazo que se indica na convocatoria. Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

4.1.1. Documentación xurídico-administrativa da entidade solicitante (orixinal ou copia compulsada) que deberá estar en vigor:

Se é unha persoa física:

– Só no caso de non autorizar a súa verificación, documento nacional de identidade ou número de identificación de estranxeiro.

No caso de persoa xurídica:

– Só no caso de denegar a súa consulta número de identificación fiscal.

– Acta, escritura ou documento de constitución, estatutos e, se é o caso, modificación deles, debidamente legalizados. A referida documentación deberá acreditar que o seu obxecto social abrangue a actividade para a cal se solicita a subvención.

– Só no caso de non autorizar a súa verificación, documento nacional de identidade do representante legal da entidade solicitante.

– Documento acreditativo de poder suficiente para actuar ante a Administración do representante legal da entidade solicitante.

No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade xurídica, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica:

– Número de identificación fiscal.



– Acta, escritura ou documento de constitución, estatutos e, se é o caso, modificación deles, debidamente legalizados. A referida documentación deberá acreditar que o seu obxecto social abrangue a actividade para a cal se solicita a subvención.

Deberán constar expresamente (anexo V) os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación e o importe de subvención que se aplicará por cada un, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Deberá nomearse un representante único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación. Non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de federacións de comerciantes ou asociacións profesionais de artesáns:

– Acta e estatutos de constitución e modificacións posteriores, se é o caso, e acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente, así como o código de identificación fiscal.

– Poder suficiente de quen represente a entidade solicitante.

– Documento nacional de identidade do representante, só no caso de non autorizar a súa verificación.

– Certificado expedido pola persoa que exerza a secretaría ou representación da federación ou asociación profesional de artesáns que acredite o número de asociados que a integran.

– No caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.

– Para as federacións de comerciantes, informe da mesa local de comercio correspondente, relativo á solicitude de subvención, de conformidade co disposto no artigo 3.b) do Decreto 183/2011, do 15 de setembro, polo que se regulan as mesas locais de comercio.

4.1.2. No caso de comerciantes retalistas, certificación expedida pola Axencia Tributaria na cal se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dada de alta a entidade solicitante. Se dita entidade é unha persoa física e está dada de alta en máis dunha actividade económica, presentará a declaración de IRPF do ano anterior.

4.1.3. Certificacións emitidas polos organismos competentes acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.



As certificacións e declaración do IRPF indicadas nos puntos 4.1.2 e 4.1.3 só deben presentarse no caso de que a entidade solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para que a solicite de oficio. Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa Administración Pública correspondente, poderá presentarse o devandito documento sen compulsar.

Se a persoa solicitante é unha sociedade e está dada de alta en máis dunha actividade económica, deberá xustificar cal delas é a principal: no caso de sociedades presentará a declaración anual do IVE (modelo 390) do ano anterior; no caso de comunidades de bens ou sociedades civís documento acreditativo oficial da actividade principal.

4.1.4. No caso de comerciantes retallistas: informe emitido pola Seguridade Social de vida laboral do último ano, con todos os códigos de conta de cotización do solicitante ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social da non existencia de traballadores.

4.1.5. Memoria de cada unha das actuacións para as cales se solicita subvención, que incluírá a súa descrición, obxectivos e valoración económica das actuacións que se pretenden executar. No caso de comerciantes retallistas que soliciten as actuacións definidas no artigo 1, número 1), a) e b) das bases da convocatoria, remitirán asemade fotografías ou documentos gráficos do local antes de iniciar as actuacións.

4.1.6. Facturas ou, no seu defecto facturas proforma ou orzamento detallado de gastos previstos para a realización de cada unha das actividades ou adquisicións para as cales se solicita subvención. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas polo solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto nin se admitirán aqueles orzamentos que non presenten a suficiente desagregación para determinar o carácter subvencionable dos conceptos relacionados nel.

As ofertas presentadas e os provedores elixidos supoñen unha documentación vinculante para o desenvolvemento do proxecto no caso de ser beneficiario da axuda. Non se considerarán subvencionables, parcial ou totalmente, aqueles investimentos dos cales non se presente documentación económica completa conforme o aquí recollido.

4.1.7. Para os efectos sinalados no artigo 10 destas bases, achegarase de selo caso, a seguinte documentación, que en ningún caso, será obxecto de requirimento:

Para os comerciantes retallistas e titulares de obradoiros artesanais:

– Certificado expedido polo órgano competente de estar integrado nun centro comercial aberto, asociación de comerciantes, empresarios ou artesáns.



– Alta no imposto de actividades económicas ou comunicación previa ao Concello, do local aberto durante o ano 2015.

Para as federacións de comerciantes ou asociacións profesionais de artesáns:

– Certificación emitida pola persoa que exerza a secretaría da entidade solicitante, onde se faga constar a relación de establecementos comerciais ou obradoiros artesáns que están implicados na implantación do proxecto.

– No caso de que o proxecto implique o establecemento dunha política medioambiental que contribúa á mellora da sustentabilidade, emprego de materiais ecolóxicos e reciclables en envases, embalaxes, así como a adopción doutras medidas de redución de impacto ambiental, certificado emitido pola secretaría da entidade.

A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño de acceso dos cidadáns aos servizos públicos e 22.3 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén se poderá presentar en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

Artigo 5. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das Administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao



órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice ao órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.

2. Ás solicitudes das persoas interesadas deberanse xuntar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos dende a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa solicitante ou representante a súa presentación, ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento; deberá presentar neste caso a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

4. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, poidan impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.



Artigo 6. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación de solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado Relacións administrativas coa cidadanía e entidades, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, planta 4ª, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a lopindustria@xunta.es

Segundo o artigo 20.4 da Lei xeral de subvencións, a cesión de datos de carácter persoal que, en virtude dos parágrafos precedentes, debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado non requirirá o consentimento do afectado. Neste ámbito non será de aplicación o disposto no apartado 1 do artigo 21 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 7. *Órganos competentes*

A Dirección Xeral de Comercio será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, así como para realizar a proposta de resolución ao conselleiro, correspondendo ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución que corresponda, sen prexuízo da delegación noutros órganos.

Artigo 8. *Instrución dos procedementos*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, terase por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.



2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que subministre cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 9. *Comisión de Valoración*

1. A Comisión de Valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:

1º. Presidente: subdirector/a da Dirección Xeral de Comercio.

2º. Vogal: un/unha xefe/a de servizo da Dirección Xeral de Comercio.

3º. Vogal: un/unha xefe/a de sección da Dirección Xeral de Comercio.

4º. Vogal: un/unha técnico/a da Dirección Xeral de Comercio, que fará as funcións de secretario/.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a valoración que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicarse o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

4. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para ser atendidas, ben co crédito que quedara libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.



Artigo 10. *Criterios de valoración*

a) Para os comerciantes retalistas e titulares de obradoiros artesanais:

a.1) Adhesión ao sistema arbitral de consumo de forma indefinida: 2 puntos

a.2) Por pertenza a unha asociación de comerciantes, empresarios ou artesáns, ou por estar integrado nun centro comercial aberto: 2 puntos.

a.3) Non ter concedida ningunha axuda convocada pola Dirección Xeral de Comercio nos últimos 3 anos (2013-2015): 3 puntos.

a.4) Por exercer a actividade nun municipio de menos de 5.000 habitantes: 2 puntos.

a.5) No caso de que o local onde se desenvolve a actividade estea situado nos concellos dos plans: Impulsa-Lugo, Impulsa-Ourense, Plan Ferrol, Eume e Ortegal ou Plan Revive Costa da Morte, os cales se indican a continuación: 1 punto.

- Concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal: A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Ares, Cabanas, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño.

- Concellos da Costa da Morte: A Laracha, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbría, Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muros, Muxía, Ponteceso, Santa Comba, Vimianzo, Zas.

- Concellos da provincia de Lugo.

- Concellos da provincia de Ourense.

a.6) Pola apertura dun novo establecemento comercial durante o ano 2015: 1 punto.

No caso de comerciantes retalistas que non posúan establecemento comercial aberto, para os efectos dos puntos a.4) e a.5), considerarase o municipio de exercicio e desenvolvemento da súa actividade aquel onde radique o domicilio fiscal.

Unha vez esgotado o crédito dispoñible, no caso de que máis dunha solicitude obtivese a mesma puntuación, o desempate realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

1. Non percibir ningunha axuda convocada pola Dirección Xeral de Comercio nos últimos 3 anos (2013-2015).



2. Exercer a actividade nun municipio de menos de 5.000 habitantes.

3. Adhesión ao sistema arbitral de consumo.

4. Menor contía no importe da subvención.

b) Para as federacións de comerciantes e asociacións profesionais de artesáns.

b.1) A calidade do proxecto, a adecuación dos obxectivos e a necesidade e coherencia da actuación que se vai subvencionar, de 1 a 5 puntos.

b.2) Implantación dos proxectos.

No caso de federacións de comerciantes:

Se a implantación do proxecto implica a máis de 50 establecementos comerciais, 2 puntos; de 61 a 70 establecementos comerciais, 3 puntos; 71 establecementos comerciais ou máis 4 puntos.

No caso de asociacións profesionais de artesáns:

Se a implantación do proxecto implica a máis de 20 obradoiros, 2 puntos; de 31 a 39 obradoiros, 3 puntos; 40 obradoiros ou máis 4 puntos.

b.3) Se o proxecto implica o establecemento dunha política ambiental que contribúa á mellora da sustentabilidade, emprego de materiais ecolóxicos e reciclables en envases, embalaxes, así como a adopción doutras medidas de redución de impacto ambiental, 2 puntos.

Unha vez esgotado o crédito dispoñible, no caso de que máis dunha solicitude obtivese a mesma puntuación, o desempate realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

1. A maior puntuación na calidade do proxecto, na adecuación dos obxectivos e na necesidade e coherencia da actuación a subvencionar.

2. A maior implantación dos proxectos.

A documentación que acredite o cumprimento dos criterios establecidos neste artigo en ningún caso será obxecto de requirimento.



Artigo 11. Audiencia

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñerase de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Non obstante, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 12. Resolución e notificación

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o instrutor formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, ao conselleiro.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía, ou, se é o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario, ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable establecido.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de cinco meses, contados a partir do día seguinte ao do remate de presentación de solicitudes. Se transcorrese o prazo máximo para resolver sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nesa notificación comunicarase o importe previsto da axuda, expresado en equivalente bruto de subvención, e o seu carácter de axuda *de minimis*, en aplicación do Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24.12.2013, L352/1).



As resolucións de inadmisión ou desestimación de solicitudes notificaranse individualmente, con indicación das súas causas.

Artigo 13. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1º. Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

2º. Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 14. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da subvención poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, cumpríndose, en todo caso, os seguintes requisitos:

1º. Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

2º. Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

3º. Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supoñan a denegación da axuda ou subvención.

3. O beneficiario deberá solicitar a modificación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Economía e Industria xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos



requisitos sinalados no punto anterior, cun límite de vinte días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución ou, se é o caso, se denegue, será ditado polo órgano concedente despois da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 11 destas bases.

Artigo 15. *Renuncia*

1. A renuncia á subvención, debidamente motivada, poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. En caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 da mesma lei.

Artigo 16. *Obrigas dos beneficiarios*

Son obrigas do beneficiario:

1º. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2º. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

3º. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, ou a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4º. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, especificando aquelas axudas de mínimos obtidas, para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo ao que fai referencia o artigo 1.2 destas bases. Así mesmo, comunicar a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención.



5º. Acreditar con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

6º. Manter os investimentos subvencionados coa axuda outorgada e a aplicación dos fondos recibidos, durante un período de tres anos dende a súa concesión.

7º. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da devandita lei.

8º. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Artigo 17. *Obrigas específicas de publicidade*

Adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. En concreto, as entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar o cofinanciamento dos activos adquiridos ao abeiro desta axuda con fondos da Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Para isto empregarán adhesivos ou distintivos similares coa lenda «Proxecto cofinanciado», acompañada do escudo normalizados da Xunta de Galicia.

Artigo 18. *Subcontratación*

Enténdese que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constituía o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.



Será de aplicación o disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007 e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.

Faise especial indicación de que as persoas ou entidades subcontratadas non poderán estar vinculadas coa entidade solicitante salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1ª. Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2ª. Que se solicite e conceda a súa previa autorización (a solicitude de autorización e a súa xustificación presentaranse xunto coa solicitude de subvención).

Artigo 19. *Xustificación da subvención*

1. O pagamento da subvención quedará condicionada á presentación, nos lugares sinalados no artigo 22 da convocatoria e ata o 10 de outubro de 2016, do orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

a) Xustificantes dos investimentos: facturas dos provedores e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa nos termos que se establezan regulamentariamente (importe sen IVE e importe total), en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e a data límite de xustificación.

b) Xustificación dos pagamentos: acreditarase a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, así como o número de factura obxecto do pago e a data do mesmo. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da devandita entidade bancaria.

c) Fotografías das zonas reformadas que amosen as obras realizadas obxecto da subvención, así como das actuacións de mellora de imaxe, que serán tomadas dende o mesmo ángulo dende o que se realizaron as remitidas coa solicitude.

d) Anexo VI da orde de convocatoria debidamente asinado.



e) No caso de que a subvención concedida teña por obxecto a construción dunha páxina web, acreditación do rexistro do dominio da páxina.

f) No caso de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor, certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa Administración pública correspondente, poderá presentarse dito documento sen compulsar.

2. Os órganos competentes da Consellería de Economía, Emprego e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

Artigo 20. *Pagamento*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da Consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. O libramento da subvención aboarase nun único pagamento, mediante transferencia bancaria á entidade financeira ao número de conta designado polo beneficiario.

3. As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificado é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión, sempre que esta garantida a consecución do obxecto. En caso de concorrencia con outras subvencións ou axudas observarase o establecido no artigo 2 desta orde.

Artigo 21. *Incumprimento, reintegros e sancións*

1. Nos supostos de falta de xustificación, de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia ou de incumprimento dos deberes contidos nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención incluíndo a data en que se acorde a orixe do reintegro.



2. O procedemento para declarar a orixe da perda deste dereito será o establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión das axudas, a Dirección Xeral de Comercio poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida na resolución de concesión e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes a contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65 % da base subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

4. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 22. *Control*

1. A Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Á parte do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 23. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses, contados dende a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.



Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Artigo 24. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases se aplicará o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Regulamento desta lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro e modificado pola Lei 5/2000, do 28 de decembro; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia vixente na anualidade, no Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24.12.2013, L352/1) e no resto de normativa que resulte de aplicación.

ANEXO II

Epígrafes do IAE subvencionables:

641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

642. Comercio polo miúdo de carnes e refugos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.

643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca e da acuicultura e caracois.

644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.

645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas clases.

647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.

647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de auto-servizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.



647.3. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas se encontre comprendida entre 120 e 399 metros cadrados.

651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.

652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.

652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herboristaría.

653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos.

654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria.

657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.

659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.

659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, reloxaría, prataría e bixutería.

659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e lacado, armas, cartucharía e artigos de pirotecnia.



659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

661.3. Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección un variado relativamente amplo e pouco profundo de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.

662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos.

663. Comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente.

ANEXO III

Concellos con menos de 5.000 habitantes (cifras oficiais da poboación a 1.1.2014)

A Coruña		Lugo			
Ayuntamiento	Hab.	Ayuntamiento	Hab.	Ayuntamiento	Hab.
Aranga	2.033	Abadín	2.646	Ribas de Sil	1.011
Baña, A	3.754	Alfoz	1.903	Ribeira de Piquín	583
Boimorto	2.115	Antas de Ulla	2.152	Riotorto	1.395
Boqueixón	4.342	Baleira	1.392	Samos	1.458
Cabana de Bergantiños	4.623	Baralla	2.774	Saviñao, O	4.113
Cabanas	3.294	Barreiros	2.994	Sober	2.453
Capela, A	1.356	Becerreá	3.012	Taboada	3.101
Cariño	4.241	Begonte	3.179	Trabada	1.203
Carnota	4.376	Bóveda	1.571	Triacastela	721
Cerdido	1.249	Carballedo	2.401	Valadouro, O	2.069
Coirós	1.747	Castroverde	2.823	Vicedo, O	1.882
Corcubión	1.672	Cervantes	1.528	Xermade	2.036
Curtis	4.048	Cervo	4.369	Xove	3.456
Dodro	2.913	Corgo, O	3.695		
Dumbría	3.137	Cospeito	4.892		
Fisterra	4.824	Folgo do Courel	1.106		
Frades	2.485	Fonsagrada, A	3.960		
Irixoa	1.421	Friol	4.004		
Laxe	3.207	Guntín	2.927		
Lousame	3.513	Incio, O	1.797		
Mañón	1.455	Láncara	2.789		
Mazaricos	4.289	Lourenzá	2.338		
Mesía	2.795	Meira	1.731		



A Coruña		Lugo			
Ayuntamiento	Hab.	Ayuntamiento	Hab.	Ayuntamiento	Hab.
Moeche	1.303	Mondoñedo	3.991		
Monfero	2.089	Monterroso	3.779		
Paderne	2.502	Muras	696		
Pino, O	4.680	Navia de Suarna	1.254		
Rois	4.767	Negueira de Muñiz	211		
San Sadurniño	3.019	Nogais, As	1.228		
Santiso	1.742	Ourol	1.090		
Sobrado	1.965	Palas de Rei	3.601		
Somozas, As	1.211	Pantón	2.708		
Toques	1.248	Paradela	1.967		
Tordoia	3.706	Páramo, O	1.484		
Touro	3.853	Pastoriza, A	3.309		
Trazo	3.301	Pedrafita do Cebreiro	1.155		
Val do Dubra	4.120	Pobra do Brollón, A	1.830		
Vilarmaior	1.236	Pol	1.738		
Vilasantar	1.316	Pontenova, A	2.534		
Zas	4.902	Portomarín	1.624		
		Quiroga	3.501		
		Rábade	1.604		

Ourense				Pontevedra	
Ayuntamiento	Hab.	Ayuntamiento	Hab.	Ayuntamiento	Hab.
Amoeiro	2.274	Monterrei	2.809	Agolada	2.651
Arnoia, A	1.040	Muños	1.622	Arbo	2.904
Avión	2.053	Nogueira de Ramuín	2.198	Barro	3.705
Baltar	1.019	Oímbra	2.020	Campo Lameiro	1.962
Bande	1.829	Paderne de Allariz	1.515	Catoira	3.402
Baños de Molgas	1.675	Padrenda	1.951	Cerdedo	1.860
Beade	464	Parada de Sil	634	Cotobade	4.327
Beariz	1.112	Peroxa, A	1.999	Covelo	2.719
Blancos, Os	885	Petín	961	Crecente	2.261
Boborás	2.617	Piñor	1.237	Cuntis	4.931
Bola, A	1.350	Pobra de Trives, A	2.280	Dozón	1.209
Bolo, O	1.013	Pontedeva	625	Forcarei	3.696
Calvos de Randín	985	Porqueira	931	Fornelos de Montes	1.784
Carballeda de Avia	1.390	Punxín	749	Lama, A	2.763
Carballeda de Valdeorras	1.697	Quintela de Leirado	651	Mondariz	4.742
Cartelle	2.944	Rairiz de Veiga	1.456	Mondariz-Balneario	682
Castrelo de Miño	1.620	Ramirás	1.643	Moraña	4.362



Ourense				Pontevedra	
Ayuntamiento	Hab.	Ayuntamiento	Hab.	Ayuntamiento	Hab.
Castro do Val	1.109	Riós	1.684	Neves, As	4.121
Castro Caldelas	1.376	Rúa, A	4.634	Oia	3.042
Cenlle	1.235	Rubiá	1.494	Pazos de Borbén	3.075
Chandrexa de Queixa	545	San Amaro	1.180	Pontecesures	3.092
Coles	3.150	San Cibrao das Viñas	4.972	Portas	3.025
Cortegada	1.191	San Cristovo de Cea	2.418	Rodeiro	2.752
Cualedro	1.808	San Xoán de Río	632		
Entrimo	1.323	Sandiás	1.297		
Esgos	1.216	Sarreaus	1.313		
Gomesende	833	Taboadela	1.561		
Gudiña, A	1.461	Teixeira, A	391		
Irixo, O	1.637	Toén	2.511		
Larouco	544	Trasmiras	1.456		
Laza	1.449	Veiga, A	965		
Leiro	1.675	Verea	1.059		
Lobeira	837	Viana do Bolo	3.113		
Lobios	2.025	Vilamarín	2.056		
Maceda	2.978	Vilamartín de Valdeorras	1.793		
Manzaneda	973	Vilar de Barrio	1.500		
Maside	2.906	Vilar de Santos	922		
Melón	1.340	Vilardevós	2.024		
Merca, A	2.078	Vilariño de Conso	633		
Mezquita, A	1.155	Xunqueira de Ambía	1.546		
Montederramo	822	Xunqueira de Espadanedo	863		

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>






XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO IV

PROCEDIMENTO SUBVENCIÓNS PARA A MELLORA DE IMAXE, MODERNIZACIÓN, ESTABLECEMENTO DE NOVAS FORMULAS E MEDIOS DE COMERCIALIZACIÓN NO SECTOR COMERCIANTE RETALLISTA E ARTESANAL GALEGO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN201H	DOCUMENTO SOLICITUDE
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE NOME/RAZÓN SOCIAL <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> NIF <input type="text"/> TIPO DE VÍA <input type="text"/> NOME DA VÍA <input type="text"/> NÚMERO <input type="text"/> BLOQUE <input type="text"/> ANDAR <input type="text"/> PORTA <input type="text"/> PARROQUIA <input type="text"/> LUGAR <input type="text"/> CP <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/> LOCALIDADE <input type="text"/> TELÉFONO <input type="text"/> FAX <input type="text"/> TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/> CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/> <input type="checkbox"/> Comerciante retallista <input type="checkbox"/> Titular de obradoiro artesanal <input type="checkbox"/> Federación empresarios <input type="checkbox"/> Asoc. prof. artesáns		
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) NOME <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> NIF <input type="text"/>		
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior) TIPO DE VÍA <input type="text"/> NOME DA VÍA <input type="text"/> NÚMERO <input type="text"/> BLOQUE <input type="text"/> ANDAR <input type="text"/> PORTA <input type="text"/> PARROQUIA <input type="text"/> LUGAR <input type="text"/> CP <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/> LOCALIDADE <input type="text"/> TELÉFONO <input type="text"/> FAX <input type="text"/> TELÉFONO MÓBIL <input type="text"/> CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>		
DATOS BANCARIOS Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada. TITULAR DA CONTA <input type="text"/> NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) <input type="text"/> IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>		
SITUACIÓN E SUPERFICIE DO ESTABLECEMENTO PARA O QUE SE SOLICITA A AXUDA (só no caso de que a persoa solicitante sexa comerciante retallista ou obradoiro artesanal) CP <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/> LOCALIDADE <input type="text"/> M ² SUP. COMERCIAL <input type="text"/>		
DOMICILIO FISCAL DA PERSOA SOLICITANTE (só no caso de que a persoa solicitante sexa comerciante ambulante ou de venda <i>online</i> sen establecemento comercial aberto) CP <input type="text"/> PROVINCIA <input type="text"/> CONCELLO <input type="text"/> LOCALIDADE <input type="text"/>		
PERSOA DE CONTACTO NOME <input type="text"/> PRIMEIRO APELIDO <input type="text"/> SEGUNDO APELIDO <input type="text"/> NIF <input type="text"/> TELÉFONO <input type="text"/> CORREO ELECTRÓNICO <input type="text"/>		

 SEDE ELECTRÓNICA. Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: eskiv6x2-xbm1-gpx8-ygp9-2p3e9qqpk068



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO IV
(continuación)

DATOS DO INVESTIMENTO E CONTÍA SOLICITADA					
SOLICITANTE	ACTUACIÓN	INVESTIMENTO	% Subv.	SUBVENCIÓN	
Comerciantes retallistas	Acondicionamento do local comercial (investimento máximo subvencionable 10.000 €).				
	Medidas orientadas á mellora da imaxe exterior e adquisición de moblaxe e equipamento (investimento máximo subvencionable: 5.000,00 €).				
Para titulares de obradoiros artesanais	Sistemas de etiquetas intelixentes que, engadidos ao produto ou ao seu empaculado ou envase, completen a información deste, sinalando o proceso de elaboración, a historia, a rastrexabilidade ou outros valores engadidos (investimento máximo subvencionable: 6.000 €).				
Comerciantes retallistas o titulares de obradoiros artesanais	Ferramentas ou programas informáticos que melloren a xestión do establecemento/obradoiro e o deseño dos seus produtos (investimento máximo subvencionable: 4.000 €).				
	Desenvolvemento e implantación de solucións de empaculado e etiquetaxe dirixido a mellorar a loxística, a comercialización do produto e o deseño da súa presentación (investimento máximo subvencionable: 5.000 €).				
	Novos sistemas de comercialización que combinen o comercio <i>online</i> e <i>offline</i> , poñendo a disposición dos clientes recursos tecnolóxicos, así como a implantación e actualización de páxinas web ou aplicacións para dispositivos móbiles, dirixidas a mellorar a comercialización dos produtos e que contén con tenda <i>online</i> e pasarela de pagamento (Investimento máximo subvencionable. 6.000 €).				
	Páxinas web comerciais (Investimento máximo subvencionable: 1.000 €).				
	Novos sistemas de comercialización e información ao consumidor que impliquen a utilización das redes sociais para a venda (investimento máximo subvencionable: 8.000 €).				
Federacións de comerciantes	Para o desenvolvemento do <i>m-commerce</i> , aplicacións informáticas (apps) e webs para teléfonos móbiles (investimento máximo subvencionable: 6.000 €).				
Asociacións profesionais de artesáns	Proxectos de deseño e creación de novos produtos a partir da colaboración de dous ou máis artesáns e un deseñador (investimento máximo subvencionable: 56.000 €).				
TOTAL					

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.





ANEXO IV
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que respecta a prohibición de subcontratación con terceiros nos que recaía algunha das condicións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.
8. Que as persoas ou entidades subcontratadas para a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención:
 - Non están vinculadas coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores.
 - Si están vinculadas coa entidade solicitante, polo que se achega a xustificación e solicitude de autorización previstas no artigo 18 da orde de convocatoria.
9. Que o seu local comercial non supera os 150 m² de superficie comercial destinada á exposición e venda ao público (esta limitación non será de aplicación para as actividades encadradas nas epígrafes 653.1. e 663)
10. Que a devandita empresa non ten a consideración de empresa en crise conforme a definición prevista no artigo 1 número 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión, en relación ás pemes, e conforme o disposto no número 2.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02), en relación coas grandes empresas.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

- Anexo V (só no caso de que o solicitante sexa unha comunidade de bens, sociedade civil ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado).
- Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, no caso de persoas físicas e só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade.
- Copia do DNI ou NIE do representante legal da entidade solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- Poder suficiente para actuar ante a Administración do representante legal da entidade solicitante.
- Só no caso de denegar expresamente a súa consulta ao órgano xestor, se o solicitante é un comerciante detallista, certificación expedida pola Axencia Tributaria na cal consten as epígrafes do IAE en que figura de alta a entidade solicitante.
- Só no caso de denegar expresamente a súa consulta ao órgano xestor, certificacións emitidas polos organismos competentes acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
- Informe emitido pola Seguridade Social de vida laboral con todos os códigos de conta de cotización do solicitante ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social da non existencia de traballadores.
- Proxecto ou memoria de cada unha das actuacións para as cales se solicita a subvención.
- Facturas, facturas pro forma ou presupostos detallados dos investimentos.
- Declaración anual do IVE do ano anterior, no caso de persoas xurídicas, sempre e cando estean dadas de alta en máis dunha actividade económica.
- Só no caso de denegar expresamente a súa consulta, declaración do IRPF do ano anterior no caso de persoas físicas, sempre e cando estean dadas de alta en máis dunha actividade económica.
- Se é o caso, certificado expedido polo órgano competente de pertenza a un centro comercial aberto, asociación de comerciantes, empresarios ou artesáns.
- Se é o caso, alta no IAE ou comunicación previa ao Concello do local aberto durante o ano 2015.
- Para federacións ou agrupacións de artesáns, no caso de estar exento do imposto sobre o valor engadido (IVE), documentación acreditativa da mencionada exención.
- Para as federacións, certificado expedido pola persoa que exerza a secretaría ou representación da federación ou asociación profesional de artesáns que acredite o número de asociados que a integran.
- Para federacións, solicitude de informe á Mesa Local de Comercio.

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
<input type="checkbox"/> Só no caso de denegar expresamente a súa consulta, copia do NIF da entidade solicitante, no caso de persoas xurídicas.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Acta, escritura ou documento de constitución e estatutos da entidade solicitante.	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Consellería de Economía, Emprego e Industria, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.
Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorrerón máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

CVE-DOG: eskiv6x2-xbm1-gpx8-ygp9-2p3e9qqpk068





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO IV
(continuación)

Autorizo a Consellería de Economía, Emprego e Industria para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo a Consellería de Economía, Emprego e Industria para consultar os datos de identidade da persoa representate no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a lop.d.industria@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 22 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a mellora de imaxe, modernización, establecemento de novas fórmulas e medios de comercialización no sector comerciante detallista e artesanal galego e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN201H).


SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Dirección Xeral de Comercio

 SEDE ELECTRONICA Este formulario tamén pode presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>

CVE-DOG: eskiy6x2-xbm1-gpx8-ygp9-2p3e9qqpk068



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO V

DECLARACIÓN-COMPROMISO PARA OS EFECTOS DO SINALADO NO ARTIGO 8.3 DA LEI 9/2007, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA PARA O PROCEDEMENTO IN201H-2016

(Só no caso de que o solicitante sexa unha comunidade de bens, sociedade civil ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado)

NOME DO MEMBRO DA AGRUPACIÓN	NIF	COTA DE PARTICIPACIÓN NA AGRUPACIÓN (%)	COMPROMISO DE EXECUCIÓN PARA ESTE PROXECTO (%)	IMPORTE APLICABLE DE SUBVENCIÓN (%)	SINATURA

Na súa calidade de membros dunha comunidade de bens, sociedade civil ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica

con NIF

Lugar e data

, de de





ANEXO VI

DECLARACIÓN DE OUTRAS AXUDAS (só para a fase de xustificación)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si se solicitaron e/ou ten concedidas axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

CONVOCATORIA (1)	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE (2)	S/C/P (3)	DATA	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Total					<input type="text"/>

 2. Que en relación con axudas *de minimis*, durante os anos 2014, 2015 e 2016:

- Non obtivo ningunha subvención ou axuda pública, por calquera concepto, suxeita ao réxime *de minimis*.
 Si solicitou e/ou obtivo outras subvencións e/ou axudas públicas, por calquera concepto, suxeitas ao réxime *de minimis* que son as que a continuación se relacionan:

CONVOCATORIA (1)	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE (2)	S/C/P (3)	DATA	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Total					<input type="text"/>

- (1) Indicar a orde da convocatoria da axuda ou subvención para a cal se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.
 (2) De non coñecerse o código de expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do organismo.
 (3) Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida), P (pagada).

 Así mesmo, comprométo-me a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración

3. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

